

Martes, 22 de outubro de 2019

Núm. 203

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

**Persoal, oposicións**

*CONVOCATORIA DIRECTOR/A XERAL DE RECURSOS HUMANOS*

*A N U N C I O*

*ASUNTO: CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE DIRECTOR/A XERAL DE RECURSOS HUMANOS*

*EXPEDIENTE: 2019/NOMDIRXERAL/000001*

A Xunta de Goberno Local con data 10/10/2019 aprobou a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de director/a xeral de recursos humanos do Concello de Pontevedra, que resulta do teor literal seguinte:

*“Primeiro:* Anunciar a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de director/a xeral de recursos humanos do Concello de Pontevedra.

*Segundo:* A persoa nomeada percibirá as retribucións básicas propias do persoal funcionario do grupo A, subgrupo A1 e as retribucións complementarias establecidas na relación de postos de traballo do persoal directivo aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/09/2019 publicado na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (<https://sede.pontevedra.gal/public/publications/list/transparency/ORG-RPT-DIRECT/details/39907821>)

*Terceiro:* A persoa nomeada director/a xeral de recursos humanos asumirá as funcións que se lle asignan a estes órganos directivos no artigo 45 do Regulamento orgánico do goberno e da Administración Municipal do Concello de Pontevedra e na relación de postos de traballo do persoal directivo, correspondéndolle a dirección, xestión e coordinación dos servizos comprendidos na área de Persoal.

O/A director/a Xeral desenvolverá as súas funcións baixo a dependencia directa da alcaldía ou, no seu caso, da concellería que teña delegada a área de Persoal.

*Cuarto:* Poderán formar parte desta convocatoria aquelas persoas que no último día de presentación de solicitudes ostenten a condición de funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que pertencen a corpos ou escalas clasificados no grupo A, subgrupo A1, aos que lle fora esixido para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, graduado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.



Martes, 22 de outubro de 2019

Núm. 203

Os/as interesados/as presentarán as súas solicitudes no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra.

Os aspirantes acompañarán á solicitude o seu <<currículum vitae>> así como copia do DNI e da documentación xustificativa dos méritos alegados.

A presentación das solicitudes poderá facerse a través do rexistro electrónico do Concello de Pontevedra seguindo as indicacións do procedemento 263 do catálogo de procedementos (<http://sede.pontevedra.gal/public/catalog/catalog-index.xhtml>), no rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os/As aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello ou a través da Sede electrónica deberán comunicalo por fax (886212843) correo electrónico ([servizopersonal@pontevedra.eu](mailto:servizopersonal@pontevedra.eu)) ou outro medio no mesmo día da súa presentación.

Os/As aspirantes que acheguen as solicitudes de participación e demais documentación preceptiva a través da Sede electrónica do Concello, ao xuntar a documentación requirida en cada caso polas bases reguladoras, deberán nomear os arquivos que xuntan identificando con claridade o seu contido (DNI, currículum vitae, etc).

*Quinto:* Os méritos e capacidades a ter en conta para a designación do director/a xeral de recursos humanos serán os establecidos na RPT de directivos e, polo tanto, ter competencias e experiencias no ámbito do sector público en xestión de recursos humanos ou dirección de persoal ou desempeño de postos directivos ou xestión ou participación en unidades de persoal. Como mínimo deberá terse esas experiencias durante dous anos que poden ser continuos ou discontinuos.

*Sexto:* O nomeamento efectuarase pola Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución da convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios e na Sede electrónica do Concello de Pontevedra ([sede.pontevedra.gal](http://sede.pontevedra.gal)), puidendo ser declarado deserto o posto directivo convocado.

O aspirante así nomeado poderá ser removido libremente das anteditas funcións polo mesmo órgano que o nomeou.

*Sétimo:* O aspirante nomeado quedará sometido ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

*Oitavo:* Ao presente procedemento seralle de aplicación o disposto nesta convocatoria e, no seu defecto, a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, o Regulamento orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra e as restantes normas que resulten de aplicación.



Martes, 22 de outubro de 2019

Núm. 203

*Noveno:* Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a antedita data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura

